

LECTIO TERTIA

CASO E DECLINACIÓN.
O CONCEPTO DE LITERATURA NA ANTIGÜIDADE.
HISTORIA DE ROMA: A REPÚBLICA.
ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (II)

3.1. Concepto de caso:

3.1.1. Aspecto morfolóxico.

3.1.2. Aspecto sintáctico.

3.2. Concepto de declinación:

3.2.1. As declinacións latinas.

3.3. A literatura na Antigüidade:

3.3.1. A estética.

3.3.2. Os romanos: a *utilitas*.

3.4. Historia de Roma: a República.

3.5. *Romāni latine loquebantur (II)*.

COGITA!

1. Observade a seguinte oración en galego, castelán, inglés e francés:

O león come o leopardo
El león come al leopardo
The lion eats the leopard
Le lion mange le léopard

Se o significado é o mesmo nos catro idiomas, pensade en como cada lingua distingue SUXEITO de OBXECTO DIRECTO. Hai algunha marca específica?

2. Agora descompoñede morfoloxicamente as seguintes palabras. Que significado téñ cada segmento? Son todos do mesmo tipo?

casas, cantabamos, neniño

3. Que indica o 's na expresión inglesa *Daddy's farm*?

4. Enumera as funcións sintácticas que coñezas e intenta definilas:

5. Se foses a unha biblioteca ou librería e vises unha obra titulada *A cidade medieval galega*, buscaríala na sección de Literatura Galega? Razona a resposta.

6. Que cres que significa a palabra “república”? Que uso ten na actualidade?



1. As relacións das palabras na oración están reguladas por unha serie de normas que, en conxunto, reciben o nome de SINTAXE. O xeito como se relaciona cada palabra coas demais denomínase FUNCIÓN SINTÁCTICA; é importante que comprendas que se trata de algo abstracto, unha manifestación da estrutura da lingua. É bastante difícil definilas (hai certo desacordo sobre a cuestión), pero todos coñecemos as etiquetas que as denominan.

Como viches na Actividade 2, hai elementos da lingua que non teñen significado léxico, senón gramatical, o que os fai moi útiles para economizar: engadindo *-s/-es* a un substantivo ou adxectivo temos o plural, o morfema *-ba-* indica “acción que tén lugar no pasado de xeito durativo”, *-mos* nun verbo refírese a un grupo de falantes no que se inclúe o “eu”, etc. Pois ben: un caso é unha desinencia que indica, entre outras cousas, a función sintáctica da palabra na oración.

Inventemos unha lingua que funcione dese xeito: nela o SUXEITO recibirá sempre a desinencia *-K*, e o COMP. DIRECTO a desinencia *-P*. Imaxinemos que nesa lingua “león” dise ARGUE, “comer” ÑAM, e “leopardo” FIUNE. Como diríamos “o león come o leopardo”? E “o leopardo come o león”? Proba:

Dun xeito máis elaborado, existen linguas que funcionan así, e unha delas é o latín. Unha consecuencia evidente deste feito é que deberemos aprender as desinencias casuais que presente. Ó contrario das funcións, os casos son elementos concretos, que se poden oír, ler e escribir. Ten sempre presente esta crucial diferenza entre caso e función.

O primeiro que debemos saber é cantas funcións sintácticas representa o latín con desinencias. Son as seguintes: SUXEITO (SUX), ATRIBUTO (ATRB), COMPLEMENTO DIRECTO (CD), COMPLEMENTO do NOME (CN), COMPLEMENTO INDIRECTO (CI) e COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL (CC). Ademais, nalgunha ocasión emprega unha desinencia para a APELACIÓN, que non é unha función sintáctica, mais si forma parte de enunciados lingüísticos.

Ademais, en latín cada desinencia -a partir de aquí chamáremoslle CASO-, recibe un nome. Tes que aprender os nomes dos casos, coas conseguíntes funcións sintácticas que representan. Para iso tes a seguinte táboa:

NOME DO CASO	FUNCIÓN SINTÁCTICA
NOMINATIVO (NOM.)	SUX / ATRB
VOCATIVO (VOC.)	[apelación]
ACUSATIVO (AC.)	CD / CC
XENITIVO (XEN.)	CN
DATIVO (DAT.)	CI
ABLATIVO (ABL.)	CC

Se te fixas, non hai correspondencia biunívoca entre CASO e FUNCIÓN SINTÁCTICA: un caso representa máis dunha función, e hai unha función desenvolvida por máis dun caso. Cales son?

Polo tanto, para comprender o funcionamento do latín abundaría con aprender 6 desinencias... Mais non é tan sinxelo: hai 6 para singular e outras 6 para plural. Xa temos 12. Segue sendo doado. O maior atranco é que non todas as palabras levan as mesmas desinencias. Por suposto, como en galego e castelán, hai palabras invariables (adverbios, preposicións, conxuncións, interxeccións); isto facilita o traballo. O difícil está no seguinte: substantivos e adxectivos agrúpanse segundo remata o seu lexema, ou tema, do seguinte xeito:

- Temas en -a
- Temas en -o
- Temas en -i
- Temas en consoante.
- Temas en -u
- Temas en -e

Co tempo, os temas en consoante e os temas en -i aliñáronse nun só grupo, co que temos un total de cinco. Así, cada un deses grupos tomou un

conxunto de desinencias diferente dos demais, e cada un deses grupos con cadansúas desinencias é o que recibe o nome de DECLINACIÓN.

Xa que logo, temos 5 declinacións (numeradas correlativamente: 1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª), ou sexa, 5 grupos de 12 desinencias que deberemos aprender para poder entender os textos latinos. Iso dá un total de 60, o cal pode asustar, mais hai dous feitos que nos axudarán:

- Iremos amodo: polo momento, ata a *LECTIO QUINTA* só traballaremos coa 1ª (moi doada) e a 2ª.
- Non son 60 desinencias distintas: algunhas repítense, o que nos facilitará a memorización, mais nos complicará algo noutro aspecto, que veremos no seu momento.

2. A literatura antiga non partía dos mesmos presupostos que a actual. A evolución do feito literario fixo que na nosa época só se consideren literarios xéneros como a ficción (en calquera das súas formas) ou a poesía. No Mundo Antigo a situación era diferente: os autores considerábanse como parte dun clube de inspirados que, polo feito de selo, debían o máximo respecto ó proceso de escribir. Ningún tema, por prosaico que hoxe nos poida parecer, deixaba de tratarse, se chegaba ó nivel escrito, cunha intención estética; ademais, concedíase moita importancia á lectura ou recitado público da obra en cuestión. É máis: había unhas formas literarias establecidas, sobre todo en verso, para segundo que contidos se tocasen. Así, os escritores (polo menos os máis sobranceiros) esforzábanse por levar ó máximo a súa capacidade de elaboración do texto, co fin de provocar a admiración dos seus colegas e tamén do público lector (non moi amplo, pois poucos habitantes do Imperio tiñan a formación suficiente para comprendelos). Así, a literatura antiga foi, na maioría dos casos, un fenómeno moi elitista, e as máis das veces vinculada, dun ou outro xeito, ás esferas de poder de cada momento histórico.

Roma non foi nesta cuestión diferente de Grecia, de quen toma case todos os xéneros que cultiva, pero a todo o anterior engadiu un concepto propio: a *utilitas* (“utilidade”): eran máis apreciadas as obras que tiñan unha aplicación concreta. Por iso triunfaron xéneros como a Historiografía (entendida como xustificación do pasado e admiración dos devanceiros) e a Oratoria (pois eran moi afeccionados ós procesos xudiciais e á política, como veremos).

Tendo presente o anterior, lede os seguintes textos en latín e a súa tradución galega, pensando que se trata, respectivamente, da descrición dun territorio e dun discurso político. Relacionade o contido do texto co debatido na Actividade 5.

CÉSAR (100 - 44 a.C.)

Gallia est omnis divisa in partes tres, quarum unam incolunt Belgae, aliam Aquitani, tertiam qui ipsorum lingua Celtae, nostra Galli appellantur. Hi omnes lingua, institutis, legibus inter se differunt. Gallos ab Aquitanis Garunna flumen, a Belgis Matrona et Sequana dividit. Horum omnium fortissimi sunt Belgae, propterea quod a cultu atque humanitate provinciae longissime absunt minimèque ad eos mercatores saepe commeant atque ea, quae ad effeminandos animos pertinent, important; proximique sunt Germanis, qui trans Rhenum incolunt, quibuscum continenter bellum gerunt.

(C. Iulii Caesaris *De bello Gallico*, I)

Toda a Galia está dividida en tres partes; delas os belgas habitan unha, os aquitanos outra, e a terceira habítana os que se chaman "celtas" na súa propia lingua, e "galos" na nosa. Todos eles difiren entre si en lingua, forma de goberno e leis. O río Garona separa ós galos dos aquitanos, e os ríos Marne e Sena sepáranos dos belgas. De todos estes os máis agresivos son os belgas, posto que están moi lonxe do refinamento e a civilización da nosa provincia e os viaxantes de comercio chegan onda eles moi rara vez para que lles merquen ese tipo de cousas que suavizan o espírito; e están preto dos xermanos, que habitan a outra beira do Rhin, cos que continuamente están en guerra.

(G. Xulio César, *A guerra da Galia*, I)

CICERÓN (106 - 43 a.C.)

Quousque tandem abutere, Catilina, patientia nostra? Quam diu etiam furor iste tuus nos eludet? Quem ad finem sese effrenata iactabit audacia? Nihilne te nocturnum praesidium Palatii, nihil urbis vigiliae, nihil timor populi, nihil concursus bonorum omnium, nihil hic munitissimus habendi senatus locus, nihil horum ora voltusque moverunt? Patere tua consilia non sentis, constrictam iam horum omnium scientia teneri coniurationem tuam non vides? Quid proxima, quid superiore nocte egeris, ubi fueris, quos convocaveris, quid consilii ceperis quem nostrum ignorare arbitraris? O tempora, o mores! Senatus haec intellegit, consul videt; hic tamen vivit. Vivit? Immo vero etiam in Senatum venit, fit publici consilii particeps, notat et designat oculis ad caedem unum quemque nostrum. Nos autem fortes viri satis facere rei publicae videmur, si istius furem ac tela vitamus.

(M. Tullii Ciceronis *In L. Catilinam orationes*, I, 1-2)

Ata cando abusarás, Catilina, da nosa paciencia? Canto tempo máis xogará esa tolemia túa connosco? Ata que límite chegará o teu atrevemento sen freo? Nada che afectaron as gardas de noite no Palatino, nin a cidade en vela, nin o temor do pobo, nin o consenso de tódolos homes de ben, nin esta tan protexida sé do Senado, nin as caras nin os rostros destes? Non percibes que os teus plans, de que a túa conxura está xa fracasada polo coñecemento que teñen dela todos estes? Cres que algún de nós ignora o que fixeches a noite pasada, e a anterior, onde estiveches, con quen te reuniches, ou qué decisións tomaches? Ah, tempos, ah, costumes! O Senado decátase disto, o cónsul veo; e este, nembargantes, vive. Vive? E tanto! Mesmo acode ó Senado, participa na xestión dos asuntos públicos, e marca e sinala cos seus ollos a morte para cada un de nós. Mais nós, coma homes firmes que somos, dámo-la impresión de servir ó Estado se conseguimos evitar as agresións e a tolemia dese individuo.

(M. Tulio Cicerón, *Catilinarias*, I, 1-2)

3. Observa a presentación HISTORIA DE ROMA (II)-A REPÚBLICA e retén os feitos máis salientables dese período histórico, tendo presente que durante esa época botou Roma os alicerces do seu Imperio.



4. O latín, como calquera idioma, dispoñía de fórmulas para afirmar, negar, preguntar e dar respostas breves. Aquí tes unhas cantas, que deberías aprender por se algún día se pode viaxar á Roma do s. I a. C., por exemplo (unha vez alí aprenderás máis a base do contacto cos falantes, que é o mellor modo de aprender unha lingua). Estas fórmulas aparecen ilustradas na presentación ROMANI LATINE LOQVEBANTVR (II):

FÓRMULA	TRADUCIÓN
<i>quis? / quae?</i>	
<i>quid?</i>	
<i>quomodo? / ut?</i>	
<i>ubi?</i>	
<i>quo?</i>	
<i>unde?</i>	
<i>qua?</i>	
<i>quando?</i>	
<i>cur?</i> (resposta: <i>quia...</i>)	
<i>quid ais? quid dicis?</i>	
<i>quid faciam?</i>	
<i>quid vis? / quid quaeris?</i>	
<i>quid agis?</i>	
<i>quis es tu?</i>	
<i>quid nomen tibi est?</i>	
<i>ain (tu)?</i>	
<i>scin (tu)?</i>	
<i>viden (tu)?</i>	
<i>non</i>	
<i>gratias (ago tibi / vobis)</i>	
<i>ut vales?</i> (respostas: <i>bene / satis bene / ego valeo, et tu?</i>)	
<i>sic / certe / immo / [só verbo]</i>	
<i>cura ut valeas / fac valeas</i>	

